



Facultade de Psicoloxía

Traballo de  
fin de grao

**Modalidade 2**

**“Proxecto de investigación empírica e/ou  
desenvolvemento dun estudo piloto”**

**Sexo, sexismo,  
identidade de xénero  
e agresión:**

Análise da relación nunha  
mostra de 473  
adolescentes galegos

Autora do TFG

**Beatriz Villares García**

**Grao en Psicoloxía**

Ano 2017

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Psicoloxía

# Índice

<b>Índice</b> .....	<b>2</b>
<b>Resumo</b> .....	<b>3</b>
<b>Abstract</b> .....	<b>4</b>
<b>1. Introducción</b> .....	<b>5</b>
1.1. Sexismo .....	5
1.2. Sexo, xénero e sexismo .....	9
1.3. Agresión, sexo, xénero e sexismo .....	12
<b>2. Método</b> .....	<b>16</b>
2.1. Plantexamento do problema .....	16
2.2. Obxectivos e hipóteses .....	16
2.3. Participantes .....	18
2.4. Instrumentos .....	18
2.5. Procedemento .....	22
2.6. Análises .....	25
<b>3. Resultados</b> .....	<b>27</b>
3.1. Análises descritivas .....	27
3.2. Análises de comparación de medias .....	27
3.3. Análises de correlación .....	28
3.4. Análises de regresión .....	31
<b>4. Discusión e conclusións</b> .....	<b>35</b>
4.1. Diferenzas en identidade de xénero, sexismo e agresión en función do sexo.....	35
4.2. Relación entre identidade de xénero, sexismo e agresión .....	38
4.3. Relación entre sexismo e agresión .....	40
4.4. Limitacións.....	41
<b>5. Referencias bibliográficas</b> .....	<b>44</b>
<b>Índice de figuras</b> .....	<b>48</b>
<b>Índice de táboas</b> .....	<b>49</b>
<b>Anexo</b> .....	<b>50</b>

## Resumo

Este traballo intenta determinar en que medida a realización de condutas agresivas se ve condicionada polas variables sexo, sexismo e identidade de xénero nos xóvenes galegos. Para iso realizouse un estudo empírico cunha mostra de 473 adolescentes (222 homes e 251 mulleres), con idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos, pertencentes a distintas localidades da Comunidade Autónoma de Galicia. A todos os participantes se lles aplicou a versión en castelán do *Ambivalent Sexism Inventory* (Glick e Fiske, 1996), o *Extended Personal Attributes Questionnaire* (Spence e Helmreich, 1979) e o *Direct and Indirect Aggression Scale* (Björkqvist, Lagerspetz e Österman, 1992). Os resultados confirman que as actitudes sexistas e as condutas agresivas seguen moi presentes nos xóvenes escolarizados. A presenza destas condutas e actitudes vese condicionada polo sexo biolóxico e os rasgos de xénero asumidos polos rapaces, atopándose que: a) os homes son máis sexistas e agreden con máis frecuencia que as mulleres; b) a masculinidade negativa (os aspectos socialmente indesexables da masculinidade) é un bo predictor da agresión tanto en homes como en mulleres; c) a feminidade só contribúe a explicar a agresión nas mulleres, e d) o sexismo relaciónase positivamente coa agresión en ambos sexos. A natureza destes achados revela a importancia dos factores educacionais e ambientais na xénese da agresión, así como a conveniencia de iniciar medidas preventivas adicionais para a erradicación da violencia entre os máis novos.

### **Palabras chave:**

Agresión, sexo, sexismo, identidade de xénero.

### **Número de palabras:**

10.944.

## Abstract

This work was made to determine the way in which aggressive behavior could be influenced by sex, sexism and gender identity in Galician youth. An empirical research was made counting on a sample of 473 adolescents (222 men and 251 women), aged between 14 and 18, from different locations of the Autonomous Community of Galicia. It was applied to all participants the Spanish version of the *Ambivalent Sexism Inventory* (Glick & Fiske, 1996), the *Extended Personal Attributes Questionnaire* (Spence & Helmreich, 1979) and the *Direct and Indirect Aggression Scale* (Björkqvist, Lagerspetz & Österman, 1992). The results show that sexist attitudes and aggressive behavior continue to be present in schooled youth. The presence of these behaviors and attitudes is conditioned by adolescents' sex and gender attributes, so it was found that: a) men are more sexist and aggressive than women; b) negative masculinity (social undesirable attributes of masculinity) is a good predictor of aggressive behavior; c) femininity only contributes to explain the aggressive behavior in women, and d), sexism is positively related to aggression in both sexes. The nature of these findings reveals the importance of educational and environmental factors in the genesis of aggression, and the convenience of taking preventing actions to eradicate violence in youth people.

### **Keywords:**

Aggression, sex, sexism, gender identity.

### **Number of words:**

10.944.

## **1. Introducción**

Restan poucos anos para que o século XXI chegue á vintena. Con todo, as sociedades occidentais seguen inmersas nun proceso de cambio e axuste a través do cal pretenden a consecución dun sistema máis igualitario, que garanta os dereitos e oportunidades de todos os individuos por enriba de certas condicións que os fan, nun sentido estrito, diferentes. Falamos de elementos diferenciadores coma o sexo, a idade, a raza, a condición sexual, a ideoloxía ou o nivel económico, factores que tradicionalmente foron empregados como base para a formación de desequilibrios entre individuos e a xénese de condutas discriminatorias.

A diferenciación por sexos é, tradicionalmente, unha das grandes fontes de promoción da desigualdade. A pesar dos grandes avances experimentados nos últimos anos, as sociedades modernas comparten unha estrutura e unha orde de tipo patriarcal, isto é, fundamentada nun sistema de valores, normas organizativas e crenzas que favorecen o dominio do home sobre a muller.

Sistemas moi elementais de crenzas, como as sexistas, contribúen a manter o sistema patriarcal vixente. As crenzas sexistas gardan relación con variables persoais, como a identidade, e xogan un papel na manifestación de condutas sociais indesexables coma os comportamentos agresivos. Neste traballo analizamos a relación entre o sexo e o xénero e o mantemento de actitudes sexistas, así como a influencia destas variables na realización de distintos tipos de agresión.

### **1.1. Sexismo**

O estudo do sexismo conta con longa tradición dentro da Psicoloxía Social. Ese interese mantense ata os nosos días, motivado en parte polos cambios sociais e políticos que buscan a consecución da igualdade entre sexos.

A presenza de actitudes sexistas tense identificado coma un dos factores que mellor anticipa o desigual reparto de poder entre homes e mulleres, así como os episodios de discriminación e minusvaloración destinados a estas últimas (Expósito, Moya e Glick, 1998).

Asumindo este feito, a asignación de recursos á investigación sobre o sexismo parece sobradamente xustificada.

A conceptualización do sexismo, así como as súas implicacións a nivel teórico e práctico, cambiaron substancialmente ao longo das últimas décadas.

Un dos primeiros intentos de aproximación ao concepto vén de mans de Allport (1954), que o describe coma un prexuízo social análogo ao racismo. O enfoque deste autor é un bo exemplo da visión tradicional do sexismo, concebido como unha actitude abertamente *hostil e negativa* dirixida ás mulleres.

Desenvolvementos teóricos posteriores (Tougas, Brown, Beaton e Joly, 1995; Swim, Alkin, Hall e Hunter, 1995; Glick e Fiske, 1996) indican que o sexismo ten unha natureza máis complexa. A idea central da que parten é que as formas de sexismo abertamente hostís conviven con formas de sexismo menos evidentes, que non buscan un ataque directo aos individuos, e que se camuflan baixo manifestacións de axuda, coidado ou idealización.

É un feito que na sociedade coexisten afectos e actitudes positivas e negativas cara ás mulleres (Castro, Lameiras, Carrera e Garrido, 2009). Moitas destas actitudes positivas poden considerarse sexistas porque, aínda que de maneira benévola, contribúen á visión da muller coma un ser inferior. Un bo exemplo son as actitudes proteccionistas ou de control, que baixo o pretexto de coidar á muller están limitando a súa autonomía e capacidade de desenvolvemento persoal.

A tendencia das sociedades modernas a asumir valores máis igualitarios e o impacto do movemento feminista contribúen a reducir a incidencia das formas de sexismo máis “*duras*”. En consecuencia, prolifera o uso destas formas sutís e encubertas, caracterizadas por un ton afectivo positivo.

Os primeiros traballos que avanza nesta dirección toman como referente as novas formas de racismo, adoptando polo tanto unha perspectiva de estudo social e intergrupala. Para estes autores, a hostilidade convértese nunha expresión inaceptable, o que provoca a evolución do sexismo a formas máis sutís (Castro *et al.*, 2009).

Unha das contribucións máis recentes e que goza de maior aceptación é a Teoría do Sexismo Ambivalente de Glick e Fiske (1996). Para estes autores, o sexismo inclúe todo tipo de valoracións realizadas en función do sexo biolóxico, xa sexan de carácter positivo ou negativo, e xa esteñan dirixidas a un home ou a unha muller (Expósito *et al*, 1998). A diferenza dos que establecían unha similitude co racismo moderno, Glick e Fiske asumen que o sexismo non se fundamenta no *conflicto* entre as ideas igualitarias do individuo e as súas actitudes negativas. Dende un enfoque máis relacional, estes autores sosteñen que as actitudes hostís e benévolas non necesariamente colocan ao individuo nunha situación de conflito interno, e que o sexista pode experimentar xenuinos sentimentos positivos cara á muller á vez que a discrimina.

A Teoría do Sexismo Ambivalente explica a dobre valencia do construto desenvolvendo os conceptos de *sexismo hostil* e *sexismo benevolente*. Mentres que o sexismo hostil se corresponde esencialmente co sexismo tradicional descrito por Allport, o sexismo benevolente abarca un conxunto de actitudes interrelacionadas cara ás mulleres que son sexistas en canto as considera de maneira estereotipada e limitadas a certos roles, pero teñen un ton afectivo positivo (para o perceptor) e tenden a suscitar neste condutas típicamente categorizadas como prosociais ou de búsqueda de intimidade (Glick e Fiske, 1996).

Ambas manifestacións de sexismo son complementarias, non contrarias, malia a valencia oposta das actitudes que producen. O sexismo hostil e o sexismo benevolente funcionan na mesma dirección e contribúen a manter a desigualdade entre sexos. É de esperar, por tanto, que ambas dimensións esteñan correlacionadas.

Un individuo sexista pode manifestar de maneira simultánea ambos tipos de actitude, sempre en función dos *destinatarios* do prexuízo. É probable que unha muller sexa foco de actitudes benevolentes cando se adecúe aos estereotipos de xénero aceptables (por exemplo, sendo unha boa filla, nai e esposa, e amosando condutas de subordinación) e será foco de actitudes hostís só cando decida romper as expectativas sociais (por exemplo, revelándose contra o dominio masculino).

O modelo teórico de Glick e Fiske considera que cada un destes dous factores está composto á súa vez por tres elementos: *paternalismo*, *diferenciación de xénero* e *heterosexualidade*.

No sexismo hostil estes elementos adquirirán un ton afectivo negativo, mentres que no sexismo benevolente adquirirán unha orientación positiva. Desta maneira, o paternalismo ten unha manifestación benévola e outra hostil. O mesmo ocorre coa diferenciación de xénero e a heterosexualidade. O modo en que se describen e organizan estes factores descríbese no seguinte cadro (cadro 1):

**Cadro 1: Componentes do sexismo (Glick e Fiske, 1996)**

<b>Dimensións</b>	<b>Sexismo Hostil</b>	<b>Sexismo Benevolente</b>
<b>Paternalismo</b>  Define unha relación coas mulleres similar á relación paterno-filial	<i>Paternalismo Dominante</i> Crenza de que a muller precisa dunha figura masculina que a dirixa.	<i>Paternalismo Protector</i> Crenza de que a muller precisa un “pai” protector
<b>Diferenciación de Xénero</b>  Define roles, características persoais, aspiracións, etc... diferenciais para homes e mulleres	<i>Diferenciación Competitiva de Xénero</i> Crenza de que só os homes reúnen as habilidades, competencias e características necesarias para dirixir as institucións sociais importantes	<i>Diferenciación Complementaria de Xénero</i> Crenza de que é necesario manter unha distribución complementaria de tarefas e de roles: o home como provedor e a muller como ama de casa
<b>Heterosexualidade</b>  Define as relacións coas mulleres a partir dunha motivación sexual	<i>Hostilidade Heterosexual</i> Crenza de que as mulleres empregan ou poden empregar o desexo sexual dos homes para dominalos	<i>Intimidade Heterosexual</i> Crenza de que os homes necesitan desenvolver relacións de intimidade coas mulleres para ser felices

Cada compoñente contén unha serie de crenzas que serven para xustificar e explicar as condicións sociais e biolóxicas que caracterizan as relacións entre os sexos (Glick e Fiske, 1996).

O paternalismo leva ao establecemento dun vínculo que imita a relación paterno-filial. Nela, un dos membros actúa como autoridade e provedor de coidados, asumindo que o outro é inmaduro e indefenso, ou que simplemente non ten as capacidades para tomar decisións e gobernar a propia vida. Isto implica que existirá protección, control e dirección por parte dun membro sobre o outro. O paternalismo establece que a muller non ten as cualidades necesarias para asumir o poder e o control, e que é un ser débil que precisa da supervisión masculina. Isto

deriva, por unha parte, na subordinación ao mandato masculino (*paternalismo dominante*), e por outra, na necesidade de ser protexida polos homes (*paternalismo protector*).

Todas as culturas empregan as diferenzas físicas entre os sexos como base para facer distincións sociais. Ao igual que ocorre co paternalismo dominante, a *diferenciación por xénero competitiva* presenta unha xustificación para o poder estrutural masculino. A idea é que homes e mulleres posúen cualidades distintas, sendo os homes os que teñen as máis adecuadas para gobernar e liderar, o que leva á exclusión da muller destes ámbitos. Por outra banda, existe unha dependencia diádica entre home e muller, na que paradoxicamente o sexo dominante depende do dominado para o desempeño de certos papeis sociais. O feito de que os homes necesiten ás mulleres leva a unha forma benévola de diferenciación de xénero (*complementaria*), na que ás mulleres se lles atribúen cualidades positivas que compensan a diferenciación competitiva e que son complementarias ás masculinas (ex.: sensibilidade). Isto favorece ideas preconcebidas destinadas aos sexos que determinan a asunción de roles e condutas complementarios (Glick e Fiske, 1996).

As relacións heterosexuais son designadas como o tipo de relacións máis íntimas e próximas que os homes posúen. Isto crea de novo unha dependencia sexual e relacional entre sexos, na que o home precisa a intimidade e a satisfacción sexual que só as mulleres poden proporcionarlle. Esta vulnerabilidade masculina polariza a percepción da muller como obxecto sexual, indo dende a idealización á vexación. A *hostilidade heterosexual* fundaméntase na crenza de que as mulleres, como posuidoras deste recurso, o empregan para dominar, manipular e prexudicar aos homes. A *intimidade heterosexual* fai referencia ao desexo dos homes de formar relacións íntimas coa muller e na idealización desta como obxecto amoroso.

De forma paralela ao modelo teórico, Glick e Fiske (1996) constrúen un instrumento para a avaliación do sexismo ambivalente (*Ambivalent Sexism Inventory*, ASI), que se convertiu no instrumento máis utilizado a nivel internacional para a avaliación do sexismo.

## 1.2. Sexo, xénero e sexismo

A diferenciación conceptual entre sexo e xénero é relativamente recente, e supuxo un verdadeiro reto no campo da Psicoloxía e doutras ciencias.

O *sexo* relaciónase co dimorfismo sexual biolóxico, é dicir, coas diferenzas na fisionomía de homes e mulleres. O *xénero* é unha realidade complexa de natureza fundamentalmente psicosocial (Fernández, 1996a) que ten a súa orixe na maneira en que a sociedade concibe e reacciona ao dimorfismo sexual. O *xénero* relaciónase cunha serie de características socialmente aceptables e desexables para as persoas en función do seu sexo, e toma este como punto de partida para modular o desenvolvemento dos individuos.

Fernández alude ao concepto de *reflexividade* como o elemento explicativo da interacción e dobre valencia entre sexo e xénero. A natureza proporciona un dimorfismo sexual, evidente e visible, que permite distinguir entre mulleres e homes dende o nacemento. Con todo, o sexo biolóxico precisa dunha manifestación psicosocial que determina o comportamento do individuo como home ou muller nas súas interaccións cos outros. A reflexividade alude ao proceso mediante o cal cada persoa elabora, ao longo da súa existencia, os esquemas da súa propia identificación sexual e de xénero, sintetizando, por unha banda, o seu morfismo sexual, e por outra, as prescricións do entorno cultural e social no que se desenvolve.

A diferenciación biolóxica é só o primeiro paso para explicar as diferenzas que atopamos entre homes e mulleres a nivel comportamental. A sociedade proporcionará experiencias de aprendizaxe distintas para uns e para outros, promovendo unha evolución contextual do sexo biolóxico que leva ao concepto social de xénero.

Consecuentemente, haberá unha asignación diferencial de tarefas e actividades para homes e mulleres (*roles de xénero*), así como toda unha serie de crenzas e ideas preconcebidas sobre o que atinxe a un e outro grupo (*estereotipos de xénero*).

A *identidade de xénero* fai referencia ao xuízo de autoclasificación como home ou muller baseado en aspectos que ao longo da historia foron conformando culturalmente as dúas categorías sexuais (Vergara e Páez, 1993), dito noutras palabras, representa o *grao en que un individuo se ve a si mesmo como masculino ou feminino* (Kagan, 1964).

Basicamente, distínguense dúas categorías de identidade de xénero, *masculina* e *feminina*, que incorporan rasgos e patróns condutuais diferenciados. A masculinidade e a feminidade describen pautas de conduta para homes e mulleres, respectivamente, de tal maneira que especifican o que se espera deles como grupo social. A masculinidade incorpora

rasgos de dominio, liderazgo, competitividade e individualismo (dureza, capacidade para a toma de decisións, independencia). A feminidade incorpora rasgos orientados ao coidado, comprensión e establecemento de relacións positivas cos outros (emotividade, sumisión, sensibilidade). Tanto unha categoría como a outra poden incorporar características positivas (desexables) e negativas (indeseñables), polo que convén facer unha distinción entre masculinidade *positiva* e *negativa*, e feminidade *positiva* e *negativa*.

Con respecto á relación entre sexo e sexismo, como era esperable, parece constatar que os homes acadan sistematicamente puntuacións superiores en sexismo que as mulleres. Con todo, as diferenzas varían en función do compoñente do sexismo que esteñamos a avaliar, habendo unha maior distancia entre homes e mulleres nas puntuacións en sexismo hostil (Glick e Fiske, 1996) que en sexismo sutil.

Nos estudos realizados por Glick e Fiske (1996) e Glick *et al* (2000) con mostras recollidas nun número importante de países, atopouse que para o sexismo benevolente aproximadamente na metade dos países estudados as mulleres non se diferenciaban significativamente dos homes nesta dimensión. Ademais, incluso nos países nos que se atoparon diferenzas significativas, a diferenza entre sexos era moito menor en sexismo benevolente que a que se atopaba en sexismo hostil. Naqueles países nos que os niveis de sexismo na poboación xeral eran máis elevados (ex.: Cuba, Nixeria, Suráfrica e Botswana), eran as mulleres as que referían significativamente máis sexismo benevolente que os homes.

Estes resultados poderían indicar unha tendencia dos grupos subordinados a aceptar as crenzas e actitudes que xustifican a súa situación de inferioridade (Jost e Banaji, 1994). Esta hipótese parece verificarse tamén no caso do sexismo (Glick *et al*, 2000), dado que canto maiores son os niveis de sexismo nun país, maior é a tendencia das mulleres a aceptar esas actitudes.

Incluso Glick e Fiske (1996) entenden que o sexismo benévolo é máis susceptible de ser aceptado polas mulleres debido ao seu carácter insidioso: esta forma de sexismo non é percibida como un prexuízo polo que a exerce, dado que non implica antipatía, e ademais con esta forma de sexismo a muller pode recibir beneficios e un trato de favor por parte dos homes. O sexismo benévolo detéctase con maior dificultade e a miúdo as condutas que desencadea non

son percibidas como nocivas, mentres que o sexismo hostil, polo seu carácter abertamente nocivo e denigrante, é máis susceptible de ser rexeitado.

Esta podería ser a razón pola que nas novas xeracións esta forma de sexismo continúa vixente. Lameiras e Castro (2003) atopan que os niveis de sexismo eran maiores, tanto para homes como para mulleres, entre os adolescentes que entre os suxeitos adultos da súa mostra.

En canto á relación entre identidade de xénero e sexismo, case non existen estudos previos, pero dada a ben documentada relación entre o sexo biolóxico e a identidade asumida, como consecuencia do proceso de socialización diferencial (Spence, Helmreich e Stapp, 1975; Hall e Halberstadt, 1980) cabería esperar una relación positiva e significativa entre masculinidade e sexismo, e una relación negativa entre feminidade e, polo menos, o sexismo hostil.

Este é o plantexamento de partida do estudo de Moya e colaboradores (Moya, Páez, Glick, Fernández e Poeschl, 2002), un dos poucos traballos nos que se analiza a relación entre sexismo e identidade de xénero (masculinidade e feminidade).

Cunha mostra de 20.688 persoas pertencentes a diversos países, atoparon que a feminidade se relacionaba negativamente co sexismo hostil e co sexismo benevolente tanto en homes como en mulleres. Estes autores conclúen que cantos máis rasgos femininos posúen os homes e as mulleres dunha rexión, menos puntúan en sexismo. Porén, e en contra do esperado, non atoparon relacións significativas entre masculinidade e sexismo. Os autores explicaron este resultado en función do cuestionario empregado para avaliar a identidade de xénero (*Bem Sex Role Inventory*, Bem, 1974), un cuestionario cuxos ítems de feminidade avalían características de orientación interpersonal, pero non así os ítems de masculinidade.

### **1.3. Agresión, sexo, xénero e sexismo.**

A Psicoloxía Social analiza a agresión en relación aos seus determinantes grupais, sociais ou culturais, entendéndoa como un fenómeno que deriva de determinadas formas de interacción entre os individuos (todo elo, por suposto, modulado polas características do contexto no que esas interaccións teñen lugar).

A relación entre sexo e agresión foi amplamente estudada ao longo do último século (Archer, 2004). A existencia de diferencias entre homes e mulleres á hora de exercer condutas agresivas constatouse en multitude de investigacións.

En xeral obsérvase que os varóns exercen condutas agresivas con maior frecuencia que as mulleres (Hyde, 1984; Eagly e Steffen, 1986; Bettencourt e Miller, 1996). Con todo, os estudos máis recentes tenden a indicar que homes e mulleres non difiren tanto nos niveis de agresividade como na modalidade de agresión empregada e nas circunstancias nas que esta se produce. Así, por exemplo, as mulleres realizarían en maior medida condutas agresivas indirectas (condutas de dano sobre as posesións ou a imaxe do agredido, dende o anonimato, o que minimiza as posibilidades de sufrir represalias), e condutas agresivas como consecuencia dunha provocación (agresión reactiva) (Connor, Steingard, Anderson e Melloni, 2003; Little, Jones, Hawley e Henrich, 2003). A agresión directa (aquela na que se produce unha confrontación evidente e explícita entre o agresor e a vítima), tanto física como verbal, así como a agresión en ausencia de provocación, é significativamente máis frecuente entre os homes (Björkqvist, Lagerspetz e Österman, 1994).

Os homes puntúan significativamente máis que as mulleres en agresión física (Archer, 2004; Salmivalli e Kaukiainen, 2004; Sánchez, Moreira e Mirón, 2011) e tamén en agresión verbal (Campbell, 2006), aínda que para esta última modalidade de agresión as diferenzas son máis discretas ou incluso non acadan nalgúns traballos a significación estatística (Salmivalli, Kaukiainen e Lagerspetz, 2000; Andreu, Peña e Graña, 2002; Sánchez, Moreira e Mirón, 2011).

Estes resultados poñen de manifesto que homes e mulleres realizan con máis frecuencia aquelas modalidades de agresión que máis se axustan ás demandas e normas sociais vinculadas ao sexo. As modalidades de violencia menos realizadas polas mulleres son as menos aceptables para elas, dado que non coinciden coas expectativas sociais que se lles asignan, mentres que as máis realizadas son as que non supoñen unha vulneración tan evidente dos estereotipos de xénero (Jenkins e Aubé, 2002).

A pesar de que moitos dos estudos sobre sexo e agresión son interpretados en termos de xénero, tal como acabamos de sinalar, existen moi poucos traballos que estuden especificamente a relación entre xénero e agresión. Aínda que existe un gran solapamento entre sexo e xénero, este non é total, e podemos atopar individuos dun e doutro sexo que posúen

rasgos de ambos xéneros. É por isto que o estudo das diferenzas entre sexos na agresión non equivale ao estudo das diferenzas de xénero (os individuos que puntúan alto en masculinidade non necesariamente son homes, e os que puntúan alto en feminidade non necesariamente son mulleres).

Os poucos traballos que poñen en relación a identidade de xénero coa agresión atopan que a masculinidade (especificamente algunhas das características que definen a masculinidade) correlaciona positiva e significativamente coa agresión física e verbal, tanto en homes coma en mulleres (Sánchez, Moreira e Mirón, 2011; Jenkins e Aubé, 2002). A feminidade amosa unha menor relación coa agresión, aínda que tende a correlacionar negativamente coa agresión física e verbal tanto en homes coma en mulleres (Sánchez, Moreira e Mirón, 2011).

Por último, con respecto á relación entre o mantemento de actitudes sexistas e a agresión, tal e como sinalan Fishbein e Ajzen (1975), dado que as actitudes *son predisposicións aprendidas a responder de maneira consistente, favorable ou desfavorablemente, respecto a un obxecto determinado*, son elementos preditores da conduta dos individuos, xa que determinan a súa disposición cara ao obxecto sobre o que actúan. Cando os obxectos son persoas ou grupos de persoas, as actitudes poden axudar a determinar as pautas de interacción que se producen entre os individuos, modulando a dinámica social. Se entendemos as condutas agresivas como pautas de interacción, deberemos incluír as actitudes entre os principais condicionantes da súa incidencia (Martín, 2005).

Ao concebir o sexismo como unha actitude cara ás persoas en función do seu sexo biolóxico, estamos a asumir que axuda a predecir certos comportamentos diferenciais destinados aos homes e ás mulleres. A desigualdade de poder que establecen as crenzas sexistas debería ter moito que ver coa aparición de condutas agresivas e vexatorias dirixidas ao sexo dominado.

Efectivamente, o sexismo tense relacionado con formas de violencia nas que os factores sexo ou xénero xogan un papel importante (Herrera, 2009; Durán, 2010). Diversas investigacións amosaron a importancia das actitudes sexistas á hora de predecir distintas formas de violencia cara á muller. O sexismo hostil relacionouse cunha maior probabilidade de cometer acoso sexual (Megany e Milbrun, 2002; Russell e Trigg, 2004) e cunha maior

proclividade á violación (Abrams, Viki, Masser e Bohner, 2003), mentres que o sexismo benevolente se relacionou coa xustificación destes actos (Abrams *et al*, 2003). Por outra banda, o sexismo é un dos indicadores que mellor predí a violencia de xénero (White e Kowalski, 1998; Herrera, 2009).

A relación entre sexismo e violencia sexual e de xénero é esperable. Non obstante, o sexismo, como actitude de intolerancia, podería ter un vínculo coas condutas agresivas nun sentido amplo, e non só especificamente coas que van dirixidas á muller.

Tal como sinalan distintos autores (Díaz-Aguado, Martínez-Arias e Martín-Seoane, 2013; Viniegra, 2007), as persoas sexistas non só se implican en condutas violentas contra as mulleres, senón que son máis proclives a realizar estas mesmas condutas contra membros doutros colectivos desfavorecidos. Pola contra, as persoas non sexistas tenden a rexeitar calquera forma de agresión, non só a agresión contra as mulleres.

Por exemplo, Díaz-Aguado, Martínez-Arias e Martín-Barrio (2013) sinalan que as condutas de acoso e *bullying* en contextos escolares seguen o mesmo patrón de reprodución dun modelo social de dominio e sumisión. De maneira que sería posible que as actitudes sexistas, racistas e homófobas, entre outras, estivesen relacionadas con manifestacións agresivas non só contra un colectivo específico, senón contra distintos colectivos sobre os que se asume superioridade.

En calquera caso, semella conveniente ver en que medida as actitudes sexistas se relacionan cunha maior incidencia de comportamentos agresivos, independentemente de a quen esteñan dirixidos.

## 2. Método

### 2.1. Plantexamento do problema

Partindo da literatura previa existente sobre o tema, neste traballo intentaremos comprobar a relación entre a agresión, o sexo, a identidade de xénero e o mantemento de actitudes sexistas nunha mostra de adolescentes e xóvenes escolarizados.

A adolescencia e a adulez temperá son momentos críticos para a definición da propia identidade así como para a asunción de actitudes, anticipando, con moita seguridade, as crenzas e percepcións que se manterán no resto da vida. Na medida en que os adolescentes e novos adultos están consolidando a súa visión do mundo, interesa saber en que medida variables como o sexismo se asocian, aínda hoxe, a fenómenos como a violencia.

Ademais, a adolescencia é un momento crítico con respecto á manifestación de comportamentos antisociais, entre os que se inclúen a agresión e a violencia (Rutter, Giller e Sánchez, 1988). Aínda que en España a implicación dos máis xóvenes en actos de violencia é menor que noutras zonas ou rexións (OMS, 2002), existen datos que apoian a súa participación en condutas agresivas de menor nivel, a priori con consecuencias menos severas, pero que poden axudar a predecir a incidencia de fenómenos máis complexos como o acoso escolar ou a violencia nas relacións de parella.

Segundo as investigacións con estudantes de secundaria realizadas para o Defensor do Pobo (2007), un 40,9% dos adolescentes empregan insultos, un 6,6% incorren e agresións físicas cara aos seus compañeiros, e un 0,3% recoñece ter ameazado a outras persoas con distintos tipos de armas. Aínda que os datos varían enormemente entre distintas investigacións (Gómez *et al*, 2007), Díaz-Aguado, Martínez-Arias, Martín-Barro (2013), atopan que un 3,8% dos alumnos de secundaria reportan ter sido vítimas de agresión, un 2,4% defínense como agresores e un 0,7% indican que exerceron ambos roles.

### 2.2. Obxectivos e hipóteses

Como acabamos de sinalar, o principal obxectivo deste traballo é determinar en que medida o sexo, a identidade de xénero e o sexismo, se atopan relacionados coa maior

probabilidade de emisión de condutas agresivas, tomando como referencia unha mostra de adolescentes galegos.

Este obxectivo xeral pode desglosarse nos seguintes obxectivos específicos:

1. Analizar en que medida ser home ou muller se relaciona con:
  - Asumir una identidade de xénero masculina e/ou feminina.
  - Manter actitudes sexistas, tanto no que se refire a sexismo hostil como a sexismo benevolente.
  - Manifestar condutas agresivas, tanto físicas como verbais.
  
2. Analizar en que medida manter unha identidade de xénero masculina e/ou feminina se relaciona con:
  - Manter actitudes sexistas, tanto no que se refire a sexismo hostil como a sexismo benevolente.
  - Manifestar condutas agresivas, tanto físicas como verbais.
  
3. Analizar en que medida manter actitudes sexistas, tanto no que se refire a sexismo hostil como a sexismo benevolente se relaciona con:
  - Manifestar condutas agresivas, tanto físicas como verbais.

Partindo dos obxectivos plantexados, e tendo en conta os resultados de investigacións anteriores e os marcos teóricos nos que se apoian, podemos establecer as seguintes hipóteses:

- Hipótese 1: os homes manifestarán maior nivel de masculinidade, sexismo (hostil e benevolente) e máis conduta agresiva (física e verbal).

- Hipótese 2: os suxeitos altos en masculinidade, independentemente do seu sexo, manifestarán maiores niveis de sexismo (tanto hostil como benevolente) e maior nivel de conduta agresiva (tanto física como verbal).
- Hipótese 3: as persoas que puntúen alto en sexismo, tanto hostil como benevolente, manifestarán maior nivel de agresión, tanto física como verbal.

### 2.3. Participantes

A mostra do estudo inclúe 473 adolescentes galegos con idades comprendidas entre os 14 e os 18 anos, pertencentes tanto a poboacións urbanas como rurais. Buscouse unha distribución por sexos proporcional á da poboación. O rango de idade pretendía abarcar as distintas etapas da adolescencia, aínda que se excluíron os rapaces menores de 14 anos por razóns que sinalaremos máis adiante.

Dos 473 participantes, 222 son homes e 251 mulleres, supoñendo respectivamente o 46.93% e o 53.06% da mostra.

No tocante á idade, a media da mostra total é de 15.51 anos. A media de idade para os homes é de 15.59 anos, cunha desviación típica de 1.12, e para as mulleres de 15.45 anos, cunha desviación típica 1.10. A comparación de medias de idade entre a submostra de homes e a submostra de mulleres non sinalou a existencia de diferenzas significativas entre ambos grupos ( $t=1.14$ ;  $p= 0.160$ ).

### 2.4. Instrumentos

#### 2.4.1. *Ambivalent Sexism Inventory* -ASI- (Glick e Fiske,1996)

O ASI é unha escala deseñada para medir as actitudes sexistas dende o marco da Teoría do Sexismo Ambivalente, tendo como meta a diferenciación entre os dous subcompónentes do sexismo (hostil e benévolo).

Consta de 22 ítems repartidos entre dúas subescalas: sexismo hostil (11 ítems) e sexismo benevolente (11 ítems). Á súa vez, dentro do sexismo benevolente distínguense os factores de paternalismo protector (4 ítems), diferenciación de xénero complementaria (3 ítems) e intimidade heterosexual (4 ítems). Todos os ítems se presentan nunha escala de resposta tipo Likert, cun rango de valores que vai dende 1 (“*totalmente en desacordo*”) a 5 (“*totalmente dacordo*”).

As medidas psicométricas obtidas para esta versión foron satisfactorias. O ASI foi posto a proba por Glick e Fiske en 6 estudos empíricos diferentes, que incluían principalmente mostras universitarias. A análise factorial confirmou só en parte a validez do modelo estrutural descrito por estes autores, dado que non se puido asegurar a natureza multidimensional da escala de sexismo hostil. As análises de fiabilidade revelaron unha alfa aceptable en todos os estudos.

Para este traballo empregouse a versión en castelán do ASI, desenvolvida por Expósito e colaboradores (1998). A *Escala de Sexismo Ambivalente* conta coa mesma estrutura e coa mesma distribución por ítems que a escala orixinal, aínda que non é necesario revertir os ítems á hora de correxir os cuestionarios. Os ítems tamén se presentan nunha modalidade de resposta tipo Likert, cun rango de puntuacións que vai dende 0 (“*completamente en desacordo*”) ata 5 (“*totalmente dacordo*”).

As análises para a escala en castelán verificaron, tal e como estableceran previamente Glick e Fiske (1996), coeficientes alfa de fiabilidade moi aceptables, tal como se pode ver na táboa 1, en dististas mostras.

**Táboa 1. Coeficientes de Fiabilidade (Alfa de Cronbach) para o ASI na versión orixinal (Glick e Fiske) e na versión en castelán (Expósito *et al*)**

Estudo	Glick e Fiske (1996)						Expósito <i>et al</i> (1998)	
	1	2	3	4	5	6	1	2
<b>Escala</b>								
Sexismo Total	.92	.88	.83	.83	.87	.90	.88	.90
Sexismo Hostil	.92	.87	.80	.87	.91	.89	.87	.89
Sexismo Benévolo	.85	.75	.77	.78	.73	.83	.84	.86

A fiabilidade (Alfa de Cronbach) obtida no presente estudo foi de .91 para a escala total, .90 para sexismo hostil e .84 para sexismo benevolente.

#### 2.4.2. *Direct and Indirect Aggression Scale*–DIAS- (Björkqvist, Lagerspetz e Österman, 1992).

Björkqvist *et al* (1992) elaboran un instrumento de medida da agresión directa e indirecta, e dentro da directa, verbal e física. Foi deseñada para rexistrar a frecuencia de condutas agresivas reportadas polos propios individuos (autoinforme) ou polos seus achegados (heteroinforme). Posúe un total de 24 ítems, todos eles presentados nunha modalidade de resposta tipo Likert que vai dende 0 (“nunca”) a 4 (“moi a miúdo”).

A escala estrutúrase en tres subescalas: *Agresión Física Directa* (5 ítems), *Agresión Verbal Directa* (7 ítems) e *Agresión Indirecta* (12 ítems). Neste traballo empregamos o DIAS como unha ferramenta para avaliar os niveis de agresión directa referidos polos adolescentes.

As análises factoriais amosaron un bo axuste do modelo trifactorial (Salmivalli *et al*, 2000; Toldos, 2005). Con respecto á fiabilidade, varía ao longo de distintos estudos, atopándose en xeral niveis aceptables, tal como se pode observar na táboa 2.

**Táboa 2. Coeficientes de Fiabilidade (Alfa de Cronbach) para o DIAS**

	Salmivalli <i>et al</i> (2000)	Toldos (2005)
<b>Agresión Física</b>	.96	.89
<b>Agresión Verbal</b>	.91	.62
<b>Agresión Indirecta</b>	.92	.88

A fiabilidade (Alfa de Cronbach) obtida no presente estudo foi de .84 para a escala de agresión física e de .79 para a de agresión verbal.

#### 2.4.3. *Extended Personal Attributes Questionnaire-EPAQ*- (Spence e Helmreich, 1979).

Este cuestionario foi deseñado para avaliar a identidade de xénero, incorporando unha serie de características ou atributos que definen a masculinidade e a feminidade. A principal vantaxe deste cuestionario de avaliación da identidade de xénero é que considera, dentro de cada dimensión, os atributos que son socialmente desexables e os que son socialmente indesexables. Desta maneira, o instrumento permite avaliar catro dimensións:

- Masculinidade positiva (M+): aspectos socialmente ben valorados da definición prototípica da masculinidade, por exemplo a *perseverancia* ou a *confianza nun mesmo*.
- Masculinidade negativa (M-): aspectos socialmente mal valorados da definición prototípica da masculinidade, como a *arrogancia* ou a *hostilidade*.
- Feminidade positiva (F+): aspectos socialmente ben valorados da definición prototípica da feminidade, como a *calidez* e o *interese polo benestar dos outros*.
- Feminidade negativa (F-): aspectos socialmente mal valorados da definición prototípica da feminidade, por exemplo a *inxenuidade* ou a *covardía*.

A escala conta cun total de 32 ítems (8 para cada unha das catro subescalas), todos eles presentados nunha modalidade de resposta tipo Likert con valores comprendidos entre 1 (“*moi pouco propio de min*”) e 5 (“*moi propio de min*”).

As análisis psicométricas deste cuestionario amosan una adecuada fiabilidade para as súas dimensións, especialmente M+, F+ e M- (Helmreich, Spence e Wilhelm, 1981).

**Táboa 3. Coeficientes de fiabilidade (Alfa de Cronbach) para o EPAQ**

Escala	Alfa de Cronbach
Masculinidade positiva	.74
Masculinidade negativa	.73
Feminidade positiva	.70
Feminidade negativa	.63

A fiabilidade (Alfa de Cronbach) obtida no presente estudo foi de .68 para M+, .73 para M-, .76 para F+, e .58 para F-. É dicir, os coeficientes de fiabilidade foron satisfactorios a excepción da escala de F-, tal e como ocorría no estudo de Helmreich, Spence e Wilhelm (1981).

## **2.5. Procedemento**

Unha condición necesaria para a realización deste estudo foi a consecución dunha mostra de adolescentes o suficientemente numerosa, algo que podía resultar complexo e que se convertiu na primeira dificultdade a solventar.

Decidiuse solicitar a colaboración de centros de ensinanza pública, o que permitía un acceso rápido a grupos de adolescentes de idades variadas. Co obxectivo de non limitar o tipo de adolescentes incluídos na mostra, procurouse que houbera centros pertencentes a poboacións rurais e a poboacións urbanas.

A estratexia ideada para incrementar o número de participantes foi o acordo de compartir a recollida de datos con outras dúas estudantes de psicoloxía, que abordaban o seu traballo partindo dunha temática similar e que estaban interesadas en traballar cunha mostra destas características. En total, contouse con tres persoas para a búsqueda de participantes e a recollida de datos, o que permitiu elevar considerablemente o tamaño da mostra.

O carácter colaborativo da recollida de información fixo necesario o establecemento de pautas de actuación comúns para as tres entrevistadoras, principalmente no referido ao contacto cos centros, a maneira de abordar aos participantes e os materiais empregados.

Un novo obstáculo que se presentou foi o de conseguir reunir nun único caderno os instrumentos que cada unha das entrevistadoras precisaba para realizar a súa investigación individual. O caderno debía presentar unha estrutura homoxénea e ser o suficientemente curto para poder realizarse nunha única aplicación, dada a escasa dispoñibilidade horaria do alumnado.

Boa parte dos instrumentos empregados foron compartidos para as tres investigacións. Ademais do *Extended Personal Attributes Questionnaire* (Spence *et al*, 1979), o *Ambivalent Sexism Inventory* (Glick e Fiske, 1996; Expósito *et al*, 1998) e as subescalas de agresión física e agresión verbal do DIAS (Björkqvist *et al*, 1992), o caderno incluíu unha escala de Desconexión Moral (Bandura, Barbaranelli, Caprara e Pastorelli, 1996) e a subescala de agresión indirecta do DIAS, cuxos datos non foron empregados no presente estudo. Foron en total catro instrumentos, cuxos ítems se presentaron nun mesmo formato e numerados de maneira continua (coma se se tratase dun único test), a fin de facilitar as respostas dos adolescentes.

O número final de ítems foi de 113. A modalidade de resposta foi idéntica para todos os ítems (escala tipo Likert), aínda que con variacións nos valores das puntuacións para cada test. As instrucións para a cumplimentación do test repetíanse varias veces ao longo do mesmo, permitindo fragmentalo e así diminuír a sensación de cansancio e evitar erros nas respostas.

Antes da súa aplicación á mostra definitiva, o caderno debía ser posto a proba para verificar o seu funcionamento. Con este obxectivo, procedeuse ao deseño dun estudo piloto, co cal se pretendía analizar a capacidade do caderno para recoller a información desexada.

Aínda que cada un dos tests orixinais dos que se compón o caderno tiña sobrada reputación e vagaxe empírica, fíxose imprescindible comprobar o seu funcionamento cando todos eles se presentaban de maneira simultánea. Tamén resultaba fundamental estudar o funcionamento dos ítems tras ser traducidos ao castelán, así como a adecuación do seu contido á idade, nivel de comprensión e contexto sociocultural dos participantes.

Tendo en mente estas premisas, o caderno foi posto a proba nun pequeno grupo de adolescentes que reunían as mesmas características que a poboación obxectivo. En total foron seleccionados 11 rapaces, (8 mulleres e 3 homes), de idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos. A aplicación da proba foi individual, precedida dunha breve explicación na que se resumían as características do caderno e a maneira adecuada de cumplimentalo. Durante a proba as entrevistadoras prestaron atención ao tempo de execución, ás actitudes e reaccións cara á proba e á presenza de dúbidas ou dificultades de comprensión que poideran afectar ás respostas. Todas as impresións foron recollidas e postas en común nunha reunión posterior.

O tempo de execución estivo entre os 15 e os 20 minutos, polo que se considerou aceptable. As actitudes e reaccións dos rapaces ante o cuestionario foron, en xeral, positivas, sen que isto impedira que se amosaran críticos con algunha das ideas reflexadas no caderno.

Os problemas máis importantes estiveron relacionados coa comprensión dalgúns ítems, o que fixo necesaria a súa revisión e modificación. Os ítems do EPAQ “*Arrogante, engreída*” e “*Pusilánime, apocada*”, necesitaron da inclusión de conceptos sinónimos máis coloquiais e accesibles aos adolescentes. As versións finais dos ítems foron, respectivamente, “*Arrogante (engreída, creída)*” e “*Pusilánime (apocada, cobardica)*”.

As dificultades presentadas polos máis xóvenes do grupo (rapaces de 12 e 13 anos), puxeron de manifesto a necesidade de variar os criterios de selección da mostra. Os individuos menores de 14 anos presentaban demasiados problemas para comprender o significado de moitas expresións ou darlle coherencia a cada un dos ítems, polo que se decidiu incluír na mostra final suxeitos de entre 14 e 18 anos.

A mostra recolleuse en oito centros públicos de Ensinanza Secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia. A distribución dos centros permitiu abarcar un total de tres provincias (A Coruña, Lugo e Ourense) e incorporar tanto poboación rural como urbana. A natureza do mostreo foi, por tanto, intencional e accidental, xa que se recurriu aos individuos dispoñibles e que decidían participar voluntariamente.

De maneira previa á aplicación solicitouse o compromiso e consentimento formal por parte dos tutores legais dos alumnos e a directiva do centro. A aplicación foi colectiva, xeralmente aproveitando as horas de titorías, e contando coa distribución ordinaria dos alumnos en clases de 25-30 individuos. A entrevistadora estivo presente durante todo o proceso de recollida de información, encargándose de aportar unha explicación breve da maneira de completar a proba e resolvendo posibles dúbidas que puidesen xurdir durante a mesma. Coa idea de favorecer a sinceridade e compromiso dos rapaces, insistíuse no carácter anónimo e voluntario da participación.

En total conseguíuse unha mostra de 678 adolescentes, dos cales 28 foron eliminados inicialmente por incongruencia das respostas e/ou excesivo número de datos *missing*. Dos

650 restantes, e dada a amplitude da mostra, optouse por eliminar tamén aqueles suxeitos que tiveran tan só un ou máis elementos perdidos. Con isto axustabamos máis o rigor da medición ao non ter que repoñer a información perdida, o que pode incrementar o erro de estimación.

Isto deixou unha mostra final de 473 participantes, o que se considerou suficiente para levar a cabo as análises previstas. As características máis destacables da mostra recóllense na táboa 4.

**Táboa 4. Número e porcentaxe de suxeitos da mostra en cada categoría das variables sexo, idade e lugar de residencia**

<b>Variable</b>	<b>Valor</b>	<b>N</b>	<b>%</b>
<b>Sexo</b>	Home	222	46.93
	Muller	251	53.06
<b>Idade</b>	14	112	23.67
	15	120	25.36
	16	133	23.89
	17	102	21.56
	18	6	1.26
<b>Lugar de Residencia</b>	Rural	371	78.43
	Urbano	102	21.55

Finalmente, os 473 cuestionarios foron codificados e os datos introducidos no paquete estatístico SPSS (versión 20.0), coa fin de sometelos ás análises pertinentes.

## 2.6. Análises

Coa análise de datos buscouse verificar ou rexeitar as hipóteses de traballo. As análises realizadas foron as seguintes:

- Análises descritivas, para determinar as medias e desviacións típicas da mostra nas variables de estudo.
- Proba *t* de Student de comparación de medias, entre homes e mulleres.

- Análises de correlación, para determinar en que medida as variables de estudo se atopan correlacionadas.
- Análises de regresión, para valorar ata que punto a variable agresión (verbal e física) pode predecirse a partir da variable sexismo e da variable identidade de xénero.

### 3. Resultados

#### 3.1. Análises descritivas

Na táboa 5 recóllese a media e a desviación típica para a mostra total nas variables sexismo, identidade de xénero e agresión.

**Táboa 5. Media e desviación típica da mostra total nas variables sexismo, agresión e identidade de xénero**

<b>Variable</b>	<b>Media</b>	<b>d.t.</b>	<b>Rango</b>
Sexismo Total	29.57	18.75	0-110
Sexismo Hostil	15.03	11.26	0-55
Sexismo Benevolente	14.54	10.17	0-55
Agresión Verbal	6.38	3.87	0-28
Agresión Física	5.72	4.89	0-20
Masculinidade Positiva	24.73	5.03	8-40
Masculinidade Negativa	16.61	4.91	8-40
Feminidade Positiva	28.52	5.08	8-40
Feminidade Negativa	19.01	4.40	8-40

Pode observarse como os suxeitos da mostra presentan unha gran variabilidade nas puntuacións en sexismo e agresión. As puntuacións medias indican que o nivel de sexismo da mostra non é moi elevado, como tampouco o é o nivel de agresión. Dacordo co esperado, é superior a media en agresión verbal que en agresión física.

Con respecto á identidade de xénero, tamén como era esperado, as puntuacións medias son máis elevadas nos aspectos socialmente desexables da masculinidade e a feminidade que nos aspectos indesexables.

#### 3.2. Análises de comparación de medias

Dado que un dos obxectivos do traballo é o de comprobar se existen diferenzas nas variables de estudo entre homes e mulleres, realizouse a proba de *t* de Student. Os resultados recóllense na táboa 6.

**Táboa 6. Comparación entre as puntuacións medias (proba *t* de Student) de homes e mulleres nas variables de estudo**

Variable	Media mulleres	d.t.	Media homes	d.t.	t	p(sign)
Sexismo Total	21.22	14.97	39.02	18.12	11.70	.000
Sexismo Hostil	10.16	8.95	20.53	11.09	11.25	.000
Sexismo Benevolente	11.06	8.58	18.49	10.41	8.50	.000
Agresión Verbal	5.92	3.73	6.91	3.96	2.82	.005
Agresión Física	4.42	4.14	7.19	5.26	6.41	.000
Masculinidade Positiva	23.32	5.06	26.32	4.50	6.77	.000
Masculinidade Negativa	15.96	4.90	17.35	4.83	3.10	.000
Feminidade Positiva	29.52	5.18	27.39	4.74	-4.64	.000
Feminidade Negativa	19.71	4.48	18.23	4.17	-3.72	.000

Obsérvase que hai diferenzas significativas entre as puntuacións de homes e mulleres en todas as variables analizadas. Os homes son significativamente máis sexistas que as mulleres, tanto no que respecta ao sexismo hostil como ao sexismo benevolente. Tamén son os homes os que realizan significativamente en maior medida agresión física e verbal.

Con respecto á identidade de xénero, e dacordo co esperado, os homes puntúan significativamente máis en masculinidade, tanto positiva como negativa, e as mulleres puntúan significativamente máis en feminidade, positiva e negativa.

### 3.3. Análises de correlación

Tendo en conta a existencia de diferenzas significativas entre homes e mulleres en todas as variables do estudo, as análises de correlación realizáronse por separado para as submostras de homes e mulleres.

A análise para a submostra de homes (táboa 7) entre as dimensións de sexismo e identidade de xénero e a agresión, indica que a agresión física correlaciona positiva e significativamente co sexismo hostil e coa masculinidade, tanto M+ como M-, mentres que a agresión verbal correlaciona positiva e significativamente co sexismo hostil, M+, M- e F-. Con respecto á masculinidade, os valores de *r* son claramente máis elevados para a M- que para M+.

As correlacións de ambas modalidades de agresión co sexismo benevolente están próximas á significación estatística pero non chegan a acadala.

**Táboa 7. Coeficientes de correlación de Pearson entre as dimensións de sexismo e identidade de xénero e a agresión na mostra de homes (n= 222)**

Variable	Agresión Física		Agresión Verbal	
	r	p (sign)	r	p (sign)
Sexismo Hostil	.23	.001	.28	.000
Sexismo Benevolente	.12	.078	.13	.058
Masculidade Positiva	.14	.042	.14	.032
Masculinidade Negativa	.39	.000	.46	.000
Feminidade Positiva	-.08	.265	-.08	.209
Feminidade Negativa	.10	.143	.17	.011

Os datos para a mostra de mulleres recóllense na táboa 8. Dacordo con eles, observamos que a agresión física das mulleres correlaciona positiva e significativamente co sexismo hostil e benevolente, e coa M-, mentres que correlaciona significativa e negativamente coa F+. A agresión verbal correlaciona positiva e significativamente co sexismo benevolente, coa M- e coa F-, e negativa e significativamente coa F+.

**Táboa 8. Coeficientes de correlación de Pearson entre as dimensións de sexismo e identidade de xénero e a agresión na mostra de mulleres (n= 251)**

Variable	Agresión Física		Agresión Verbal	
	r	p (sign)	r	p (sign)
Sexismo Hostil	.19	.003	.09	.171
Sexismo Benevolente	.15	.018	.13	.044
Masculidade Positiva	.11	.096	.09	.158
Masculinidade Negativa	.37	.000	.47	.000
Feminidade Positiva	-.23	.000	-.18	.005
Feminidade Negativa	.12	.063	.26	.000

É dicir, tanto en homes como en mulleres, o sexismo hostil incrementa a agresión física. Incrementa tamén a agresión verbal dos homes, pero non das mulleres. Non obstante, o sexismo benevolente só incrementa significativamente a agresión física e verbal das mulleres.

A masculinidade negativa é a única das variables que se relaciona significativa e positivamente con ambos tipos de agresión (física e verbal) en ambas mostras, con valores de  $r$  claramente superiores aos das restantes variables.

Na táboa 9 preséntanse os resultados das análises de correlación entre o sexismo e a identidade de xénero para a mostra de homes.

**Táboa 9. Correlacións entre as subescalas de identidade de xénero e sexismo na submostra de homes**

Variable	Sexismo Hostil		Sexismo Benevolente	
	r	p (sign)	r	p (sign)
Masculinidade Positiva	.17	.010	.13	.048
Masculinidade Negativa	.32	.000	.08	.245
Feminidade Positiva	-.08	.237	.13	.059
Feminidade Negativa	.05	.500	.14	.042

O sexismo hostil correlaciona positiva e significativamente coa masculinidade, tanto M+ como M-, mentres que o sexismo benevolente correlaciona positiva e significativamente (aínda que o valor de  $r$  non é moi elevado) coa masculinidade positiva e a feminidade negativa. Este é un dato interesante, sobre o que volveremos na discusión, dado que podería indicar que efectivamente os homes pensan que o sexismo benevolente non é tan rexeitable como o sexismo hostil.

Na táboa 10 recóllense os resultados da análise de correlación entre o sexismo e a identidade de xénero para a mostra de mulleres.

**Táboa 10. Correlacións entre as subescalas de identidade de xénero e sexismo na submostra de mulleres**

Variable	Sexismo Hostil		Sexismo Benevolente	
	R	p (sign)	r	p (sign)
Masculinidade Positiva	-.04	.489	-.04	.489
Masculinidade Negativa	.10	.118	.08	.245
Feminidade Positiva	.04	.563	.01	.833
Feminidade Negativa	.12	.068	.02	.723

No caso das mulleres, non se atopa ninguna correlación significativa entre o sexismo, hostil ou benevolente, e ninguna das dimensións da identidade de xénero. É posible que o sexismo forme parte en maior medida da autoimaxe dos homes que da das mulleres.

### 3.4. Análises de regresión

Por último, leváronse a cabo unha serie de análises de regresión, considerando como variables criterio as modalidades de conduta agresiva, e como variables predictoras o sexismo e a identidade de xénero, nas mostras de homes e mulleres.

Os resultados da análise de regresión (método introducir) para a agresión verbal na mostra de homes preséntanse na táboa 11.

**Táboa 11. Resumo e coeficientes para o modelo de regresión da variable *agresión verbal* na submostra de homes**

Variable	B	t	p (sign)
Constante	.00	.13	.894
Sexismo Hostil	.14	1.93	.055
Sexismo Benevolente	.04	.57	.572
Masculinidade Positiva	.01	.11	.912
Masculinidade Negativa	.38	5.32	.000
Feminidade Positiva	-.06	-.87	.385
Feminidade Negativa	.07	.95	.341

O modelo deseñado permite explicar o 22% da varianza da agresión verbal na mostra de homes. A masculinidade negativa é a única variable cun potencial predictivo significativo para a agresión verbal ( $\beta = .38$ ;  $p = .000$ ). O sexismo hostil acada niveis próximos á significación estatística ( $\beta = .14$ ;  $p = .055$ ).

Na táboa 12 recóllese o modelo de regresión para a agresión física na submostra de homes.

**Táboa 12. Resumo e coeficientes para o modelo de regresión da variable agresión física na submostra de homes**

<i>R</i> .41			
<i>R</i> <sup>2</sup> .17			
<i>R</i> <sup>2</sup> Axustada.15			
Erro estándar 4.86			
Variable	B	t	p (sign)
Constante	.00	.03	.977
Sexismo Hostil	.08	1.11	.268
Sexismo Benevolente	.06	.87	.386
Masculinidade Positiva	.01	.13	.893
Masculinidade Negativa	.36	4.80	.000
Feminidade Positiva	-.04	-.54	.592
Feminidade Negativa	-.01	-.10	.918

O modelo permite explicar o 15% da varianza da agresión física nos homes. De maneira semellante ao que ocorría coa agresión verbal, a masculinidade negativa é a única variable cun peso significativo á hora de explicar a varianza en agresión física para este sector da mostra ( $\beta = .36$ ;  $p = .000$ ).

Os resultados da análise de regresión para a submostra de mulleres recóllense nas táboas 13 e 14.

**Táboa 13. Resumo e coeficientes para o modelo de regresión da variable agresión verbal na submostra de mulleres**

<i>R</i> .51			
<i>R</i> <sup>2</sup> .26			
<i>R</i> <sup>2</sup> Axustada.24			
Erro estándar 3.24			
Variable	$\beta$	t	p (sign)
Constante	.00	.94	.348
Sexismo Hostil	-.01	-.13	.897
Sexismo Benevolente	.10	1.59	.113
Masculinidade Positiva	.01	.17	.866
Masculinidade Negativa	.38	5.62	.000
Feminidade Positiva	-.16	-2.70	.008
Feminidade Negativa	.16	2.42	.016

O modelo deseñado permite explicar o 24% da varianza da agresión verbal na submostra de mulleres (ver táboa 13). A masculinidade negativa, ao igual que ocorría na submostra de homes, é a variable preditora máis importante para explicar a varianza na agresión verbal ( $\beta = .38$ ;  $P = .000$ ). As dúas dimensións de feminidade parecen ter un peso significativo para determinar os niveis de agresión verbal nas mulleres, o que non se observaba na mostra de homes. A feminidade positiva parece inhibir ou diminuír a agresión verbal ( $\beta = -.16$ ;  $p = .008$ ), mentres que a feminidade negativa potencia a súa aparición ( $\beta = .16$ ;  $p = .016$ ).

**Táboa 14. Resumo e coeficientes para o modelo de regresión da variable agresión física submostra de mulleres**

<i>R</i> .45	<i>R</i> <sup>2</sup> .21	<i>R</i> <sup>2</sup> Axustada.19	<i>Erro estándar</i> 3.73
<b>Variable</b>	<b>B</b>	<b>t</b>	<b>p (sign)</b>
Constante	.00	1.33	.184
Sexismo Hostil	.13	2.03	.043
Sexismo Benevolente	.07	1.09	.277
Masculinidade Positiva	.06	.91	.361
Masculinidade Negativa	.29	4.07	.000
Feminidade Positiva	-.22	-3.44	.001
Feminidade Negativa	.06	.85	.397

O modelo permite explicar o 19% da varianza da agresión física para a submostra de mulleres (ver táboa 14). De novo, a masculinidade negativa é a variable cun poder predictivo máis forte sobre a agresión física ( $\beta = .29$ ;  $p = .000$ ). A feminidade positiva parece desempeñar un papel inhibitorio da agresión física, pero só na mostra de mulleres ( $\beta = -.22$ ;  $p = .001$ ). O sexismo hostil ten un peso significativo aínda que menos importante para explicar a varianza en agresión física nas mulleres ( $\beta = .13$ ;  $p = .043$ ).

A nivel xeral, obsérvase que as dimensións de sexismo non teñen relevancia para explicar a varianza en agresión física e verbal na mostra de homes e de mulleres. O sexismo hostil é a dimensión que máis se aproxima á significación estatística, aínda que só a acadou no caso da agresión física exercida por mulleres.

Independentemente da mostra e do tipo de agresión, a masculinidade negativa é a variable que mellor predí a conduta agresiva ( $p < .001$ ). As características recollidas baixo esta

dimensión parecen determinar en boa medida os niveis de agresión física e verbal exercidos por homes e mulleres.

As dimensións de feminidade parecen ter un papel relevante para predecir a conduta agresiva, pero só no caso das mulleres. Tanto na modalidade física como verbal, a feminidade positiva inhibe a agresión. Con respecto á feminidade negativa, potencia a conduta agresiva nas mulleres, pero só na modalidade de agresión verbal.

## **4. Discusión e conclusións**

Este estudo permitiu constatar a existencia de relacións importantes entre as variables sexo, sexismo, identidade de xénero e agresión. As hipóteses de partida foron verificadas en gran parte, constatándose que:

- a) Os homes manifestan maiores niveis de masculinidade (negativa e positiva), sexismo (hostil e benevolente), e agresión (física e verbal).
- b) A masculinidade relaciónase positiva e consistentemente coa agresión, tanto en homes como en mulleres. Tamén se observa unha relación entre masculinidade e sexismo, con máis intensidade nos homes.
- c) A feminidade positiva inhibe as condutas agresivas físicas e verbais, pero só nas mulleres, mentres que a feminidade negativa potencia a agresión verbal nos dous sexos. A feminidade non se relaciona co sexismo nin en homes nin en mulleres.
- d) O sexismo hostil relaciónase coa agresión física tanto en homes coma en mulleres, e con agresión verbal nos homes. O sexismo benevolente asóciase á agresión física e verbal só nas mulleres.

A continuación explicaremos máis polo miúdo estes achados, intentando aportar explicacións coherentes que dean sentido a cada unha das relacións atopadas.

### **4.1. Diferenzas en identidade de xénero, sexismo e agresión en función do sexo.**

#### *4.1.1. Diferenzas en identidade de xénero*

Os homes identifícanse máis cos rasgos masculinos en comparación coas mulleres, e as mulleres máis cos rasgos femininos en comparación cos homes. Estes resultados coinciden co esperado, e poden explicarse tendo en conta os factores de socialización diferenciais aos que están sometidos rapaces e rapazas. Por outra banda, os adolescentes e as adolescentes

identifícanse máis con caracteres de xénero positivos (M+, F+), o que pode explicarse pola desexabilidade social.

A pesar destes resultados, tamén se observa que os homes e as mulleres se describen a si mesmos empregando tanto características tradicionalmente masculinas como características tradicionalmente femininas. Neste sentido, é interesante destacar que a puntuación media en masculinidade positiva e feminidade positiva é practicamente idéntica na mostra dos varóns, mentres que na mostra de mulleres a media en feminidade positiva é superior á media de masculinidade positiva.

A maior aceptación social dos valores femininos na nosa sociedade podería explicar a tendencia dos homes a asumir estes rasgos. A pesar disto, non sería esperable que un cambio social tan recente revertira a tradicional prevalencia da masculinidade nos varóns. Tampouco sería lóxico esperar que se produza unha maior asunción dos rasgos negativos (F-), os cales non son ben vistos a nivel social. A pesar de que os individuos son cada vez máis andróxinos (incorporan rasgos masculinos e femininos dunha maneira equilibrada e independentemente do sexo), deberían ser as mulleres as que incorporaran máis os rasgos masculinos, na medida en que estes seguen gozando de maior aceptación e son os máis adaptativos nunha sociedade de tipo patriarcal e individualista.

Aínda que nalgúns traballos (Twenge, 1997; García-Vega, Menéndez, García-Fernández e Rico, 2010) se observa que a tendencia á androxinia é máis evidente nas mulleres (pasan a asumir máis características masculinas), noutros obsérvase unha maior tendencia dos homes a asumir características tradicionalmente femininas. Por exemplo, Vega (2007) atopa que os homes arxentinos se describen como máis andróxinos cás mulleres, o que se explica pola maior aceptación social dos rasgos femininos. Esta pauta repetíase nos países cunha cultura colectivista, na que os homes seguen sendo ben valorados cando asumen rasgos relacionados co coidado e a formación de relacións positivas cos outros. Todo isto indica que a androxinia, así como a forma en que se manifesta en ambos sexos, é unha tendencia moi influída pola cultura e a evolución histórica das sociedades.

#### *4.1.2. Diferenzas en sexismo*

As diferenzas entre homes e mulleres en sexismo revelan que os homes se describen como máis sexistas, confirmando os resultados atopados noutras investigacións (Glick e Fiske, 1996; Glick *et al*, 2000). Estas diferenzas son máis acentuadas para o sexismo hostil que para o sexismo benevolente, seguindo o plantexamento de Glick *et al* (2000).

As actitudes que subxacen ao sexismo hostil son abertamente ofensivas e vexatorias para a muller, sendo fáciles de identificar coma un ataque polo grupo ao que van dirixidas. As mulleres experimentarían maior reactancia ante enunciados deste tipo que ante enunciados sutís, de aí as baixas puntuacións en sexismo hostil. As mulleres puntúan máis elevado en sexismo benevolente, o que se explicaría como unha maior dificultade para categorizar estas actitudes como “verdadeiramente sexistas”. Por outra banda, non debemos esquecer que este sexismo sutil ten *beneficios* inmediatos para o colectivo das mulleres (mediante condutas de protección e coidado por parte dos homes). Dende esta perspectiva, as maiores puntuacións das mulleres en sexismo benevolente poderían explicarse como unha forma de compensar a situación de vulnerabilidade na que se atopan polo dominio masculino e a presenza de actitudes hostís. As mulleres buscarían a protección dos homes para defenderse doutros homes que manifestasen condutas hostís e vexatorias, dándose unha situación paradóxica na que a muller busca amparo no mesmo grupo que as subordina e agrede (Smuts, 1996).

As puntuacións máis elevadas dos homes en sexismo son esperables se temos en conta que este tipo de actitudes son a base dos seus privilexios sobre a muller. A pesar das influencias que reciben os rapaces en prol da igualdade, o rexeitamento das actitudes sexistas supón unha perda dos privilexios sociais e unha posible situación de incertidume. A socialización orientada ao poder e ao dominio acaba contradecíndose coas mensaxes explícitos de igualdade, que non acaban de revertir por completo os prexuízos sexistas de base. Nestas circunstancias, os homes poden experimentar reactancia a un cambio social que pretende privalos da superioridade sobre o outro sexo.

Esta explicación viría apoiada polo dato de que os homes puntúan máis en sexismo hostil que en sexismo benevolente (experimentan máis actitudes negativas que positivas con respecto ás mulleres). Aínda que sería esperable que, tendo en conta os cambios legislativos e sociais, as actitudes sexistas hostís fosen menos prevalentes, Glick e Fiske (1996) tamén observaron nalgúns dos seus estudos que os homes puntuaban máis elevado en sexismo hostil

que en sexismo benevolente (aínda cando as diferenzas nas puntuacións en ambas dimensións non eran moi elevadas).

#### 4.1.3. Diferenzas en agresión

Os homes refiren puntuacións máis elevadas en agresión física e verbal, confirmando os resultados atopados en investigacións previas (Archer, 2004; Salmivalli e Kaukiainen, 2004; Sánchez, Moreira e Mirón, 2011; Campbell, 2006).

Os homes empregan de maneira máis frecuente a agresión como unha estratexia de resolución de conflitos, tanto a nivel verbal como físico. Estes datos desminten o tópico de que as mulleres agreden verbalmente máis que os varóns. Aínda cando o tipo de agresión máis realizado polas mulleres é a agresión verbal, isto non significa que realicen máis agresión verbal que os varóns.

As mulleres recurren con maior frecuencia á agresión verbal, unha tendencia que se apreciou noutras investigacións (Salmivalli, Kaukiainen e Lagerspetz, 2000; Sánchez, Moreira e Mirón, 2011). A agresión verbal, ao non implicar dano físico, é máis asumible por un colectivo que ten que adecuarse a estereotipos de subordinación, fragilidade e empatía. Neste sentido, a agresión verbal sería *menos inaceptable* para as mulleres que a agresión física.

## 4.2 Relación entre identidade de xénero, sexismo e agresión.

### 4.2.1. Identidade de xénero e agresión

A masculinidade é a variable que se vincula de maneira máis consistente coa agresión e co sexismo en ambos sexos.

As análises realizadas amosan que a masculinidade negativa pode explicar parte da varianza da agresión, tanto na mostra de homes como na de mulleres, e tanto en agresión física como verbal. Os individuos que posúen este tipo de rasgos (*hostilidade, cinismo, egoísmo, arrogancia*) agreden máis, independentemente do seu sexo, e sérvense das distintas modalidades de agresión. A masculinidade positiva, porén, non permite predecir a agresión, aínda que correlaciona coa agresión física e verbal na mostra dos homes. En todo caso, este

traballo pon de manifesto que son especialmente os aspectos non desexables da masculinidade os que amosan maior incidencia sobre a posibilidade de agredir, independentemente do sexo.

A feminidade si que se relaciona coa presenza de condutas agresivas, sobre todo nas mulleres. Nestas últimas tanto a feminidade positiva como a feminidade negativa permiten predecir a presenza de condutas agresivas físicas e verbais, aínda que de distinta maneira.

Cando as mulleres se identifican con rasgos femininos positivos (*emotividade, adicación aos demais, amabilidade, calidez*) é menos probable que agredan. Isto é entendible na medida en que os rasgos femininos positivos están orientados ao coidado e interese polos outros, o que non é compatible coas condutas antisociais. A feminidade positiva inhibe a agresión, polo que é un factor que potenciado reduce a probabilidade de agredir. Non obstante, este efecto protector só se produce nas mulleres. Aínda que os homes puntúan bastante elevado en feminidade positiva, isto non reduce a probabilidade de que agredan.

A feminidade negativa relaciónase positivamente coa agresión verbal. Nas mulleres, a feminidade negativa ten un valor predictivo claro sobre este tipo de agresión. Esta relación non se produce para a agresión física en ningún dos sexos.

#### 4.2.2. *Identidade de xénero e sexismo*

O sexismo só se relaciona coa identidade de xénero nos homes. Cando estes posúen máis rasgos masculinos, tanto positivos como negativos, tamén mostran actitudes máis sexistas hostís. O sexismo benevolente relaciónase só coa masculinidade positiva, o que é esperable se temos en conta que o sexismo benevolente implica actitudes e condutas *aparentemente* positivas cara a muller.

A feminidade non se relaciona consistentemente co sexismo nin en homes nin en mulleres. Que os individuos se identifiquen con rasgos femininos, tanto positivos como negativos, non indica a maior presenza de actitudes sexistas, nin hostís nin benevolentes.

### **4.3. Relación entre sexismo e agresión**

As relacións atopadas neste estudo entre sexismo e agresión son complexas. Aínda que se esperaba que ambas dimensións do sexismo (hostil e benevolente) estiveran relacionadas coas dúas dimensións da agresión (física e verbal), as relacións atopadas só se producen para algúns tipos de agresión, e varían en función do sexo.

Quizais o dato máis consistente sexa que o sexismo hostil correlaciona positivamente coa agresión física, tanto en homes como en mulleres. Cando os individuos asumen este tipo de actitudes é máis probable que coexista a agresión física, o que indica que ambos fenómenos se asocian dunha maneira consistente. O sexismo hostil, como actitude negativa, podería indicar a presenza de moitas outras actitudes negativas dirixidas a distintos colectivos. As actitudes negativas e os prexuízos revelan unha predisposición desfavorable cara os outros, o que faría máis probable a aparición de condutas antisociais e a posta en marcha de mecanismos que facilitan a agresión (ex.: deshumanización, despersonalización).

Os resultados con sexismo benevolente son menos consistentes. Esta dimensión non se relaciona coa agresión nos homes, pero sí nas mulleres.

Aínda que se observan correlacións entre sexismo e agresión, o sexismo, considerado conxuntamente co resto de variables, non parece ter un poder predictivo importante sobre esta variable. Só na mostra das mulleres, o sexismo hostil permite predecir unha parte da varianza explicada para a agresión física, aínda que os niveis de significación son discretos. Este dato é congruente coa idea de que a agresión nas mulleres está condicionada por máis factores (M+, F+, F-, SH), mentres que nos homes a agresión parece depender mais claramente da masculinidade negativa.

A tenor destes resultados, podemos concluír que sexismo e agresión se atopan relacionados, pero a relación entre ambas variables parece modulada por outras variables coma o xénero e o sexo, e moi probablemente por outro tipo de actitudes.

#### 4.4 Limitacións

Este estudo non está exento das limitacións que comunmente rodean a calquera investigación empírica. Algúns dos aspectos que poderían ser obxecto de mellora nun futuro son os seguintes:

- *Natureza do material de recollida de información:* perdeuse arredor dun 30% da mostra recollida inicialmente, sobre todo pola existencia de datos *missing*. A presentación dos cuestionarios, tanto polo número de ítems como polo formato das escalas, podería favorecer o cansancio e os erros non intencionados nas respostas.
- *Idioma:* o cuestionario aplicouse en castelán, aínda que gran parte da mostra era galegofalante. Aínda que se presupón o bilingüismo dos participantes, as diferenzas na lingua materna poden introducir matices na interpretación dos conceptos que se recollen nos cuestionarios.
- *Representatividade da mostra:* aínda que se recolleu unha mostra ampla, de distintas idades, en distintas localidades e de ambos sexos, non se trata dunha mostra representativa, polo que os datos obtidos non poden ser xeneralizados a toda a poboación de adolescentes escolarizados.
- Trátase dun estudo correlacional, polo que non é posible inferir relacións de causalidade entre as variables.
- Sería conveniente iniciar novos traballos con mostras representativas, no que se amplíe o número de variables.

O valor da investigación en Psicoloxía Social fundaméntase non só no desenvolvemento de teorías, senón na capacidade de atender a necesidades sociais relevantes. Con este traballo pretendíase acadar un maior coñecemento dos fenómenos estudados e ver como ese coñecemento podía ser empregado na sociedade para contribuír á súa mellora.

A evidencia demostrou que o sexismo e as condutas agresivas seguen moi presentes nos xóvenes escolarizados galegos. Aínda que as puntuacións medias en ambas variables son

baixas, o problema segue estando aí e revela a necesidade dunha intervención específica. A alta variabilidade entre os rapaces nas súas puntuacións (especialmente en sexismo) indica que existen diferenzas individuais importantes e que certos adolescentes manifestan un compoñente de risco máis elevado.

Isto xustifica a necesidade de detectar as condicións que favorecen estes comportamentos. Os principais logros de este estudo son a clarificación das relacións entre sexo, sexismo e identidade de xénero como elementos preditores da agresión e, tamén, a identificación de grupos sociais de risco nos que estas condutas e actitudes tenden a aparecer con máis frecuencia.

Comprobase que a agresión é un comportamento moi asociado a factores experienciais, como os valores e actitudes que se inculcan durante o proceso de socialización. Os rasgos asociados ao xénero poden incrementar ou diminuír a probabilidade de que un individuo agreda, mentres que o sexismo parece formar parte da combinación de elementos que fai a agresión máis probable.

Estes factores asociados á aprendizaxe non teñen os mesmos efectos nos rapaces que nas rapazas. A interacción entre estas variables parece ter consecuencias máis negativas nos homes, o que explicaría, en parte, os maiores niveis de agresión. O deseño de intervencións deberá ter en conta estes resultados.

A boa noticia é que estes factores poden detectarse de maneira temperá e modificarse a través da aprendizaxe. Os esforzos que actualmente se levan a cabo para previr a violencia e as actitudes negativas deberían complementarse con coñecementos máis específicos sobre os factores que favorecen o comportamento agresivo e intolerante. Coñecer algúns dos condicionantes da agresión permite unha intervención preventiva, que se anticipe aos problemas ou actúe da maneira máis inmediata posible. Trátase de evitar fenómenos como a discriminación e a violencia, a través da educación e entramento dos actores sociais que se implican neste tipo de condutas, e identificando os grupos de risco sobre os que será máis urxente actuar.

Semella que os esforzos do sistema educativo actual para paliar estes problemas non son suficientes. Adicar recursos extra á formación dos rapaces nestes aspectos parece unha

necesidade, sendo esperable que ditas intervencións fagan máis doado o camiño cara a igualdade de dereitos que se recolle nas nosas leis e que se busca nos movementos reivindicativos modernos.

## 5. Referencias bibliográficas

- Abrams, D., Viki, G. T., Masser, B., & Bohner, G. (2003). Perception of a stranger and acquaintance rape: The role of benevolent and hostile sexism in victim blame and rape proclivity. *Journal of Personality and Social Psychology*, 84 (1), 111-125.
- Allport, G.W. (1954). *The Nature of Prejudice*. Reading, MA: Addison-Wesley.
- Andreu, J. M., Peña, M. E., e Graña, J. L. (2002). Adaptación psicométrica de la versión española del Cuestionario de Agresión. *Psicothema*, 14 (2), 476-482.
- Archer, J. (2004). Sex differences in aggression in real-world settings: a meta-analytic review. *Review of General Psychology*, 8, 291-322.
- Bandura, A., Barbaranelli, C., Caprara, G. V. & Pastorelli, C. (1996). Mechanisms of moral disengagement in the exercise of moral agency. *Journal of Personality and Social Psychology*, 71 (2), 364-374.
- Bem, S. L. (1974). The measurement of psychological androgyny. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 42 (2), 155-162.
- Bettencourt, B. A. & Miller, N. (1996). Gender differences in aggression as a function of provocation: A meta-analysis. *Psychological Bulletin*, 119 (3), 422-447.
- Björkqvist, K., Lagerspetz, K., & Österman, K. (1992). The Direct and Indirect Aggression Scales. Vasa, Finlandia: Abo Akademi University, Department of Social Sciences.
- Björkqvist, K., Lagerspetz, K. e Österman, K. (1994). Sex differences in covert aggression among adults. *Aggressive Behavior*, 20, 27-33.
- Campbell, A. (2006). Sex differences in direct aggression: What are the psychological mediators? *Aggression and Violent Behavior*, 11, 237-264.
- Castro, Y., Lameiras, M., Carrera, M. V. e Garrido, J. M. (2009). Aproximación conceptual al sexismo ambivalente: estado de la cuestión. *Summa Psicológica*, 6 (2), 131-142.
- Connor, D. F., Steingard, R. J., Anderson, J. J. & Melloni, R. H. (2003). Gender differences in reactive and proactive aggression. *Child Psychiatry Human Development*, 33, 279-294.
- Defensor del Pueblo (2007). El maltrato entre iguales en la Educación Secundaria Obligatoria 1999-2006: nuevo estudio y actualización del Informe 2000. Madrid: Defensor del Pueblo.

- Díaz-Aguado, M. J., Martínez-Arias, R. e Martín-Barro, J. (2013). El acoso entre adolescentes en España. Prevalencia, papeles adoptados por todo el grupo y características a las que atribuyen la victimización. *Revista de Educación*, 362, 348-379.
- Durán, M. (2010). Sexismo benévolo y violencia sexual: percepción social de la violación en relaciones íntimas (Tese de doutorado, Universidade de Granada, Granada, España). Recuperado de:<https://dialnet.unirioja.es/servlet/tesis?codigo=63489&orden=0&info=link>
- Eagly, A. H. & Steffen, V. J. (1986). Gender and aggressive behavior: A meta-analytic review of the social psychological literature. *Psychological Bulletin*, 100, 309-330.
- Expósito, F., Moya, M.C. e Glick, P. (1998). Sexismo Ambivalente: medición y correlatos. *Revista de Psicología Social*, 13 (2), 159-169.
- Fernández, J. (1986a). Varones y mujeres. Desarrollo de la doble realidad del sexo y el género. Madrid: Pirámide.
- Fishbein, M. & Ajzen, I. (1975). Belief, attitude, intention, and behaviour: An introduction to theory and research. Reading, MA: Addison-Wesley.
- García-Vega, E., Menéndez, E., García-Fernández, P., e Rico, R. (2010). Influencia del sexo y del género en el comportamiento sexual de una población adolescente. *Psicothema*, 22 (4), 606-612.
- Glick, P. & Fiske, S.T. (1996). The Ambivalent Sexism Inventory: Differentiating hostile and benevolent sexism. *Journal of Personality and Social Psychology*, 70 (3), 491-512.
- Glick, P., Fiske, S. T., Mladinie, A., Saiz, J., Abrams, D., Masser, B., Adetoun, B., Osagie, K., Akande, A., Alao, A., Brunner, A., Willemsen, T. M., Chipeta, K., Dardenne, B., Dijksterhuis, A., Wigholdus, D., Eckes, T., Six-Materna, I., Expósito, F., Moya, M., Foddy, M., Kim, H., Lameiras, M., Sotelo, M. J., Mucchi-Faina, A., Romani, M., Sakalli, N., Udegbe, B., Yamamoto, M., Ui, M., Ferreira, M. C. & López, W. L. (2000). Beyond prejudice as simple antipathy: Hostile and benevolent sexism across cultures. *Journal of Personality and Social Psychology*, 79, 763-775.
- Gómez, A., Gala, F. J., Lupiani, M., Bernalte, A., Miret, M. T., Lupiani, S. e Barreto, M. C. (2007). El “bullying” y otras formas de violencia adolescente. *Cuadernos de Medicina Forense*, 13, 48-49.
- Hall, J. A. & Halberstadt, A. G. (1980). Masculinity and Femininity in children: Developmental of the Children’s Personal Attributes Questionnaire. *Developmental Psychology*, 16 (4), 270-280.
- Helmreich, R. L., Spence, J. T. & Wilhelm, J. A. (1981). A psychometric analysis of the Personal Attributes Questionnaire. *Sex Roles*, 7 (11), 1097-1108.

- Herrera, M. C. (2009). Análisis psicosocial de la violencia de género: sexismo, poder y amenaza como factores explicativos (Tese de doutorado, Universidade de Granada, Granada, España). Recuperado de:  
<http://0-hera.ugr.es.adrastea.ugr.es/tesisugr/18509769.pdf>
- Hyde, J. S. (1984). How large are gender differences in aggression? A developmental meta-analysis. *Developmental Psychology*, 20, 158-171.
- Jenkins, S. S. & Aubé, J. (2002). Gender differences and gender-related constructs in dating aggression. *Personality and Social Psychology Bulletin*, 28 (8), 1106-1118.
- Jost, J. T. & Banaji, M. R. (1994). The role of stereotyping in system-justification and the production of false-consciousness. *British Journal of Social Psychology*, 55, 893-905.
- Kagan, J. (1964). Acquisition and significance of sex typing and sex role identity. *Review of child development research*, 1, 137-167.
- Lameiras-Fernández, M. e Rodríguez-Castro, Y. (2003). Evaluación del sexismo ambivalente en estudiantes gallegos/as. *Acción Psicológica*, 2 (2), 131-136.
- Little, T. D., Jones, S. M., Hawley, P. H. & Henrich, C. C. (2003). Disentangling the “whys” from the “whats” of aggressive behavior. *International Journal of Behavioural Development*, 27, 122-133.
- Martín, M. J. (2005). Violencia juvenil exogrupal: hacia una construcción del modelo causal. Ministerio de Educación
- Megany, J. J. & Milburn, M. A. (2002). Psychological predictors of sexual harassment: Authoritarianism, hostile sexism, and rape myths. *Psychology of Men and Masculinity*, 3, 199-126.
- Moya, M., Páez, D., Glick, P., Fernández, I. e Poeschl, G. (2002). Masculinidad-feminidad y factores culturales. *Revista Española de Motivación y Emoción*, 3, 127-142.
- Organización Mundial da Saúde (2002). Informe mundial sobre la violencia y la salud. Washington, DC: OPS.
- Rusell, B. L. & Trigg, K. Y. (2004). Tolerance of sexual harassment: An examination of gender differences, ambivalent sexism, social dominance, and gender roles. *Sex Roles*, 50, 565-573.
- Rutter, M., Giller, H., e Sánchez, J. P. (1988). Delincuencia juvenil. Madrid: Ediciones Martínez Roca.

- Salmivalli, C., Kaukiainen, A., & Lagerspetz, K. (2000). Aggression and sociometric status among peers: Do gender and type of aggression matter? *Scandinavian Journal of Psychology, 41* (1), 17-24.
- Salmivalli, C., & Kaukiainen, A. (2004). "Female aggression" revisited: Variable and person-centered approaches to studying gender differences in different types of aggression. *Aggressive Behavior, 30* (2), 158-163.
- Sánchez, A., Moreira, V. e Mirón, M. L. (2011). Sexo, género y agresión: Análisis de la relación en una muestra de universitarios. *Boletín de Psicología, 101*, 35-50.
- Smuts, B. (1996). Male aggression against women: An evolutionary perspective. En D. M. Buss & N. M. Malamuth. *Sex, power and conflict*, 231-268. New York: Oxford University Press.
- Spence, J. T., Helmreich, R., & Stapp, J. (1975). Ratings of self and peers on sex role attributes and their relation to self-esteem and conceptions of masculinity and femininity. *Journal of Personality and Social Psychology, 32* (1), 29.
- Spence, J. T., & Helmreich, R. L. (1979). A comparison of masculine and feminine personality attitudes across age groups. *Developmental Psychology, 15*, 583-584.
- Swim, J. K., Aikin, K. J., Hall, W. S., & Hunter, B. A. (1995). Sexism and racism: Old-fashioned and modern prejudices. *Journal of Personality and Social Psychology, 68* (2), 199.
- Tougas, F., Brown, R., Beaton, A. M., & Joly, S. (1995). Neosexism: Plus ça change, plus c'est pareil. *Personality and Social Psychology Bulletin, 21* (8), 842-849.
- Twenge, J. M. (1997). Changes in masculine and feminine traits over time: A meta-analysis. *Sex Roles, 36* (5-6), 305-325.
- Vega, V. (2007). Adaptación argentina de un inventario para medir identidad de rol de género. *Revista Latinoamericana de Psicología, 39* (3), 537-546.
- Vergara, A. I., e Páez, D. (1993). Revisión teórico-metodológica de los instrumentos para la medición de la identidad de género. *Revista de Psicología Social, 8* (2), 133-152.
- Viniegra, M. (2007). Actitudes y creencias en torno a la violencia en adolescentes de Secundaria. *Revista Pulso, 30*, 75-101.
- White, J. W. & Kowalski, R. M. (1998). Male violence toward women: An integrated perspective. En R.G. Geen e Donnerstein (Eds.), *Human aggression: Theories, research and implications for social policy*. New York: Academic Press

## **Índice de figuras**

Cadro 1: Compoñentes do sexismo (Glick e Fiske, 1996)..... 8

## Índice de táboas

Táboa 1. Coeficientes de Fiabilidade (Alfa de Cronbach) para o <i>ASI</i> na versión orixinal (Glick e Fiske, 1996) e na versión en español (Expósito <i>et al</i> , 1998).....	19
Táboa 2. Coeficientes de Fiabilidade (Alfa de Cronbach) para o <i>DIAS</i> .....	20
Táboa 3. Coeficientes de Fiabilidade (Alfa de Cronbach) para o <i>EPAQ</i> .....	21
Táboa 4. Número e porcentaxe de suxeitos en cada categoría da variable sexo, idade e lugar de residencia .....	25
Táboa 5. Media e desviación típica da mostra total nas variables sexismo, agresión e identidade de xénero.....	27
Táboa 6. Comparación entre as puntuacións medias (proba t de Student) de homes e mulleres nas variables de estudo.....	28
Táboa 7. Coeficientes de correlación de Pearson entre as dimensións de sexismo, identidade de xénero e agresión na mostra de homes .....	29
Táboa 8. Coeficientes de correlación de Pearson entre as dimensións de sexismo, identidade de xénero e agresión na mostra de mulleres .....	29
Táboa 9. Correlacións entre as subescalas de identidade de xénero e sexismo na submostra de homes .....	30
Táboa 10. Correlacións entre as subescalas de identidade de xénero e sexismo na submostra de mulleres.....	31
Táboa 11. Resumo e coeficientes para o modelo de regresión da variable agresión verbal na submostra de homes.....	31
Táboa 12. Resumo e coeficientes para o modelo de regresión da variable agresión física na submostra de homes.....	32
Táboa 13. Resumo e coeficientes para o modelo de regresión da variable agresión verbal na submostra de mulleres.....	32
Táboa 14. Resumo e coeficientes para o modelo de regresión da variable agresión física na submostra de mulleres.....	33

# Anexo



**Ahora te presentamos una serie de frases que reflejan opiniones, te pedimos que indiques en qué medida estás de acuerdo con cada una de las frases marcando el número que corresponda:**

Si marcas el 0 quiere decir que estás COMPLETAMENTE EN DESACUERDO

Si marcas el 1 quiere decir que estás BASTANTE EN DESACUERDO

Si marcas el 2 quiere decir que estás ALGO EN DESACUERDO

Si marcas el 3 quiere decir que estás ALGO DE ACUERDO

Si marcas el 4 quiere decir que estás BASTANTE DE ACUERDO

Si marcas el 5 quiere decir que estás COMPLETAMENTE DE ACUERDO.

3 6	Aun cuando un hombre logre muchas cosas en su vida, nunca podrá sentirse verdaderamente completo a menos que tenga el amor de una mujer	0	1	2	3	4	5
3 7	Con el pretexto de pedir "igualdad", muchas mujeres buscan privilegios especiales, tales como condiciones de trabajo que las favorezcan a ellas sobre los hombres	0	1	2	3	4	5
3 8	En caso de una catástrofe, las mujeres deben ser rescatadas antes que los hombres	0	1	2	3	4	5
3 9	La mayoría de las mujeres interpreta comentarios o conductas inocentes como sexistas, es decir, como expresiones de prejuicio o discriminación en contra de ellas	0	1	2	3	4	5
4 0	Las mujeres se ofenden muy fácilmente	0	1	2	3	4	5
4 1	Las personas no pueden ser verdaderamente felices en sus vidas a menos que tengan pareja	0	1	2	3	4	5
4 2	En el fondo, las mujeres feministas pretenden que la mujer tenga más poder que el hombre	0	1	2	3	4	5
4 3	Muchas mujeres se caracterizan por una pureza que pocos hombres poseen	0	1	2	3	4	5
4 4	Las mujeres deben ser queridas y protegidas por los hombres	0	1	2	3	4	5
4 5	La mayoría de las mujeres no aprecia completamente todo lo que los hombres hacen por ellas	0	1	2	3	4	5
4 6	Las mujeres intentan ganar poder controlando a los hombres	0	1	2	3	4	5
4 7	Todo hombre debe tener una mujer a quien amar	0	1	2	3	4	5
4 8	El hombre está incompleto sin la mujer	0	1	2	3	4	5
4 9	Las mujeres exageran los problemas que tienen en el trabajo	0	1	2	3	4	5
5 0	Una vez que una mujer logra que un hombre se comprometa con ella, por lo general intenta controlarlo estrechamente	0	1	2	3	4	5
5 1	Cuando las mujeres son vencidas por los hombres en una competición justa, generalmente se quejan de haber sido discriminadas	0	1	2	3	4	5
5 2	Una buena mujer debería ser puesta en un pedestal por su hombre	0	1	2	3	4	5
5 3	Existen muchas mujeres que, para burlarse de los hombres, primero se insinúan sexualmente a ellos y luego rechazan los avances de éstos	0	1	2	3	4	5
5 4	Las mujeres, en comparación con los hombres, tienden a tener una mayor sensibilidad moral	0	1	2	3	4	5
5 5	Los hombres deberían estar siempre dispuestos a sacrificar su propio bienestar con el fin de proporcionar seguridad económica a las mujeres	0	1	2	3	4	5
5 6	Las mujeres feministas están haciendo demandas completamente irracionales a los hombres	0	1	2	3	4	5
5 7	Las mujeres, en comparación con los hombres, tienden a tener un sentido más refinado de la cultura y el buen gusto	0	1	2	3	4	5

58	Está justificado pelearse si es para proteger a tus amigos	0	1	2	3	4	5
59	Dar un bofetón o empujar a alguien es solo una forma de bromear	0	1	2	3	4	5
60	Dañar los objetos o propiedades de los demás no es muy grave, sobre todo si lo comparamos con pegar a la gente	0	1	2	3	4	5
61	Un miembro de una banda no debería ser culpado de los problemas que ocasiona la banda en su conjunto	0	1	2	3	4	5
62	Las personas que están viviendo en condiciones difíciles no tienen la culpa de comportarse agresivamente	0	1	2	3	4	5
63	Contar pequeñas mentiras realmente no causa ningún daño	0	1	2	3	4	5
64	Hay personas que merecen que se las trate como a animales	0	1	2	3	4	5
65	Si los alumnos se pelean o tienen un mal comportamiento en el colegio, la culpa es de los profesores	0	1	2	3	4	5
66	Está justificado pegar a alguien que critica o menosprecia a tu familia	0	1	2	3	4	5
67	Pegar a compañeros de clase que resultan molestos es una forma de darles una lección	0	1	2	3	4	5
68	Robar un poco de dinero no es algo tan serio si lo comparamos con robar mucho dinero	0	1	2	3	4	5
69	La persona que sugiere hacer algo incorrecto no tendría la culpa de que otros lo lleven a la práctica	0	1	2	3	4	5
70	Si alguien no ha sido bien educado, no tiene la culpa de portarse mal	0	1	2	3	4	5
71	Cuando alguien se mete contigo también puede significar que está mostrando interés por ti	0	1	2	3	4	5
72	Tratar mal a alguien que se comporta como un gusano está justificado	0	1	2	3	4	5
73	Si la gente no tiene cuidado con sus cosas, es culpa suya si se las roban	0	1	2	3	4	5
74	Está bien pelearse si el honor de nuestro grupo ha sido dañado	0	1	2	3	4	5
75	Cogerle la bicicleta a alguien sin su permiso no es más que "cogérsela prestada"	0	1	2	3	4	5
76	Insultar a un compañero de clase no es tan grave, comparado con pegarle	0	1	2	3	4	5
77	Culpar a un miembro de un grupo por un daño planificado y realizado conjuntamente por todo el grupo no es justo	0	1	2	3	4	5
78	Culpar a alguien por decir tacos si todos sus amigos lo hacen no es justo	0	1	2	3	4	5
79	Incordiar a alguien no le causa verdadero daño	0	1	2	3	4	5
80	Una persona despreciable/detestable no merece ser tratado como un ser humano	0	1	2	3	4	5
81	Normalmente las personas que son maltratadas han hecho algo para merecerlo	0	1	2	3	4	5
82	Está justificado mentir para librar a tus amigos de problemas	0	1	2	3	4	5
83	"colocarse" de vez en cuando no es malo	0	1	2	3	4	5
84	Comparado con algunos delitos que se cometen, llevarse algo de una tienda sin pagar no es tan malo	0	1	2	3	4	5
85	Sería injusto culpar a una persona que ha contribuido sólo en una pequeña parte del daño causado por su grupo	0	1	2	3	4	5
86	Culpar a alguien por su mal comportamiento, si sus amigos le presionan para que actúe así, no es justo	0	1	2	3	4	5
87	Los insultos, sobre todo entre niños, no hacen daño	0	1	2	3	4	5
88	A las personas que no tienen sentimientos no importa tratarlas mal	0	1	2	3	4	5
89	Los niños no tienen la culpa de sus malos comportamientos cuando sus padres son muy exigentes	0	1	2	3	4	5

Por último te presentamos un listado de conductas, que puedes o no haber realizado en alguna ocasión. Léelas con atención y contesta de acuerdo con lo que te indicamos a continuación:

Si marcas el 0 quiere decir que no la has realizado NUNCA

Si marcas el 1 quiere decir que la has realizado MUY POCAS VECES, casi nunca

Si marcas el 2 quiere decir que la has realizado VARIAS VECES

Si marcas el 3 quiere decir que la has realizado BASTANTES VECES

Si marcas el 4 quiere decir que la has realizado A MENUDO, muchas veces

90	Echar a alguien fuera de tu grupo	0	1	2	3	4
91	Gritar o discutir con alguien	0	1	2	3	4
92	Hacerte amigo de alguien para vengarte de otra persona	0	1	2	3	4
93	Dar una patada a alguien	0	1	2	3	4
94	Ignorar a alguien	0	1	2	3	4
95	Insultar a alguien	0	1	2	3	4
96	Extender rumores sobre la persona con la que estás enfadado/a	0	1	2	3	4
97	Poner la zancadilla a alguien para que se caiga	0	1	2	3	4
98	Divulgar falsas historias sobre alguien	0	1	2	3	4
99	Decirle a alguien que le vas a hacer daño	0	1	2	3	4
100	Hacer planes secretos para perjudicar a alguien	0	1	2	3	4
101	Dar un empujón a alguien	0	1	2	3	4
102	Hablar mal de alguien a sus espaldas	0	1	2	3	4
103	Dirigirte a una persona utilizando motes/apodosos ofensivos	0	1	2	3	4
104	Decirle a otros que no se relacionen con alguien	0	1	2	3	4
105	Coger cosas de otra persona.	0	1	2	3	4
106	Contar los secretos de alguien a una tercera persona	0	1	2	3	4
107	Burlarte de alguien	0	1	2	3	4
108	Mandar notitas donde se critica a alguien	0	1	2	3	4
109	Tirar a alguien al suelo	0	1	2	3	4
110	Criticar el aspecto físico (ropa, pelo, etc.) de alguien	0	1	2	3	4
111	Zarandear a alguien	0	1	2	3	4
112	Poner a otros en contra de la persona con la que estás enfadado	0	1	2	3	4
113	Golpear a alguien	0	1	2	3	4

Por favor, comprueba que has contestado a todas las preguntas.

***Te agradecemos, muy sinceramente, tu participación***